



Caderno da crítica

Cuestionario Proust: Xosé María Álvarez Cáccamo

[Ramón Nicolás 9 de Decembro de 2013](#)

<https://cadernodacritica.wordpress.com/2013/12/09/cuestionario-proust-xose-maria-alvarez-caccamo/>

1.– Principal trazo do seu carácter?

-O entusiasmo.

2.– Que calidade aprecia máis nas persoas?

-A xenerosidade.

3.– Que agarda das súas amizades?

– Unha boa comunicación.

4.– A súa principal eiva?

-A tendencia ao exceso.

5.– A súa ocupación favorita?

-A creación de poesía visual e obxectual.

6.– O seu ideal de felicidade?

– Ideal e felicidade son conceptos demasiado monumentais. Sobardan as coordenadas da miña visión do mundo.

7.– Cal sería a súa maior desgraza?

-A perda dun fillo.

8.– Que lle gustaría ser?

-Artista en París no tempo das vangardas.

9.– En que país desexaría vivir?

-Na Galiza liberada.

10.– A súa cor favorita?

-Certas tonalidades entre verde e azul.

11. – A flor que máis lle gusta?

-As cerdeiras en flor.

12.– O paxaro que prefire?

-A garza.

13.– A súa devoción na prosa?

-Valle Inclán.

14.– E na poesía?

-A lírica galegoportuguesa medieval.

15. Un libro?

–*Pedro Páramo*.

16.– Un heroe de ficción?

-Guillermo Brown, o protagonista dos relatos de Ritchmall Crompton.

17.– Unha heroína?

-Alejandra, a protagonista de *Rayuela*.

18.– A súa música favorita?

-Beethoven.

19.– Na pintura?

-Antoni Tàpies.

20.– Un heroe ou heroína na vida real?

-Non sinto atracción ningunha por heroes nin heroínas da vida real. Non son reais.

21.– O seu nome favorito?

-Beatriz.

22.– Que hábito alleo non soporta?

-A indolencia.

23.– O que máis odia?

-O fascismo.

24.– A figura histórica que máis despreza?

– Franco.

25.– Un feito militar que admire?

-Son incapaz de admirar feitos militares.

26.– Que don natural lle gustaría ter?

-O da interpretación musical.

27. – De que maneira lle gustaría morrer?

-De ningunha maneira. Morrer é algo que non me gusta nada.

28.– Cal é o seu estado de ánimo máis habitual?

– Un expectante estado de tranquilidade.

29.– Que defectos lle inspiran máis indulxencia?

-Os da xente a quen quero.

30.– Un lema na súa vida?

-Fago meu este lema de Jean Cocteau: “Conseguírono porque non sabían que era imposible.”